



**SINDICATO de  
ADMINISTRACIÓN**

**TRABAJADORES  
de JUSTICIA**



**GALICIA**

**SINDICATO INDEPENDENTE E ESPECÍFICO DA ADMINISTRACIÓN DE  
XUSTIZA, SEN SUBVENCÍONS NIN ATADURAS**

## **DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA.**

Rúa De Madrid 2-4, 2º andar.

SANTIAGO DE COMPOSTELA

**D. MARTIN FERNÁNDEZ GONZÁLEZ** Delegado Sindical en representación do Sindicato de Traballadores/as da Administración de Xustiza (STAJ).

En data 10 de abril de 2017 publicase no DOG nº 70 o Decreto 38/2017, tiña por ben, regular a instalación e o uso de desfibriladores externos fora do ámbito sanitario e crearse ademais o seu rexistro. Por parte de todos os sindicatos pero en concreto por este sindicato **STAJ** solicitouse e reiterouse a inmediata instalación en todas as sedes xudiciais de Galicia.

Pois ben a día de hoxe, e van cumprir case cinco anos, en ningún xulgado, das catro provincias que forman a Comunidade Autónoma de Galicia se instalaron este tipo de aparatos desfibriladores (DESA).

Trátase dun aparello electrónico que diagnostica e trata a parada cardiorrespiratoria, demostrando a súa efectividade e utilidade cun risco nulo, pero o máis importante é que a única posibilidade que ten a vítima de sobrevivir é que a atendan a través da aplicación do desfibrilador dentro dos 5 primeiros minutos dende o desvanécemete, axudada ademais dunha Reanimación Cardiopulmonar (RCP) ata que cheguen os servicios de emerxencias.

Creo que hoxe en día ninguén pode discutir a efectividade de ter instalados Desfibriladores Externos Semiatomáticos (DESA), e máis no propio de Decreto no preámbulo apartado II expón: *"En Galicia las enfermedades cardiovasculares constituyen uno de los problemas de salud más importantes. De todas las situaciones de emergencia, la reanimación cardiopulmonar representa el paradigma en el que la actuación precoz y con medios idóneos condiciona el pronóstico en cuanto a la recuperación de la vida y a la minimización de las posibles secuelas."* "...en estas situaciones, la disponibilidad inmediata de medios técnicos, los desfibriladores, resultan imprescindibles para abordar con éxito las maniobras de reanimación". Ademais menciona unha recomendación do Consello Europeo de Resucitación: «la instalación de DESA en zonas donde se puede esperar una parada cardíaca cada cinco años, se considera coste efectivo y comparable a otras intervenciones médicas».

A pesar da importancia destes equipos, **a lexislación (Real Decreto 365/2009, do 20 de marzo**, na que establece as condicións e requisitos mínimos de **seguridade e calidade** na utilización destes equipos fora do ámbito sanitario) **non obrigou** a súa incorporación en áreas frecuentadas, senón que deixou en mans das CCAA o establecemento dos requisitos para o seu **uso, a promoción e a recomendación** da súa instalación, da cordo coas indicacións dos organismos internacionais.

**NON É MALO INVERTIR EN SEGURIDADE, hoxe existen 10 Comunidades Autónomas** que teñen instalados este tipo de aparellos nas súas sedes xudiciais: País



A CORUÑA (Paco) 609 29 24 38 (Mario) 673 28 83 22 FERROL (María) 658 61 55 15 SANTIAGO (Martín) 604065143

LUGO (Jose Luis) 649 77 8 142 OURENSE (Conchi) 655 80 58 10

PONTEVEDRA (Kike) 605 12 80 68 VIGO (Julián) 647 40 18 60 (Paulino) 677 68 91 16

**PODES VER A NOTICIA COMPLETA EN [stajgalicia.blogspot.com](http://stajgalicia.blogspot.com)**

**SOMOS DE XUSTIZA**



**SINDICATO de  
ADMINISTRACIÓN**

**TRABAJADORES  
de JUSTICIA**



**GALICIA**

**SINDICATO INDEPENDENTE E ESPECÍFICO DA ADMINISTRACIÓN DE  
XUSTIZA, SEN SUBVENCÍONS NIN ATADURAS**

Vasco (DECRETO 9/2015 do 27 de xaneiro), Cataluña (Decreto 151/2012 do 20 de novembro), Andalucía (Decreto 22/2012 de 14 de febreiro), Asturias (Decreto 54/2016 do 28 de setembro), Canarias (Decreto 157/2015 do 18 de xuño), Cantabria (Orden SAN/1/2009, de 7 de enero), Comunidad de Madrid (Decreto 78/2017 do 12 de setembro), Comunidad Valenciana (Decreto 159/2017 do 6 de outubro), Navarra (Decreto Foral 6/2019 do 30 de xaneiro), Aragón (Decreto 30/2019) y Extremadura (Decreto 30/2019)

Por parte de **STAJ** reclamouse en numerosas ocasións a instalación destes aparatos nas sedes xudiciais das principais cidades de Galicia, xa que cremos que é indispensable contar cos mesmos, dada a gran afluencia de traballadores, profesionais e usuarios que visitan diariamente os xulgados, e tamén para evitar sucesos como o acontecido e que foi publicado no xornal [La Voz de galicia 15/12/2017](#) en A Coruña o día 15 de decembro de 2017 nas dependencias do Xulgado de Instrucción nº 1.

Por ello, por parte de **STAJ**, **SOLICITA:**

Que debido a parálise legal existente, unha vez máis reiteramos por parte de este sindicato **STAJ** a Dirección Xeral de Xustiza a **urxente necesidade da instalación de desfibriladores (DESA)**, nos edificios Xudiciais das principais cidades de Galicia.

**En Santiago de Compostela a 15 de Febreiro de 2021.**



A CORUÑA (Paco) 609 29 24 38 (Mario) 673 28 83 22 FERROL (María) 658 61 55 15 SANTIAGO (Martín) 604065143

LUGO (Jose Luis) 649 77 8 142 OURENSE (Conchi) 655 80 58 10

PONTEVEDRA (Kike) 605 12 80 68 VIGO (Julián) 647 40 18 60 (Paulino) 677 68 91 16

**PODES VER A NOTICIA COMPLETA EN [stajgalicia.blogspot.com](http://stajgalicia.blogspot.com)**

**SOMOS DE XUSTIZA**